

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 19 de novembro de 2018 adoptou, *entre outros, o seguinte acordo:*

“10.- Expedientes de contratación. Aprobación.

10.1.- Contrato privado de adquisición de terreos sitos nas inmediacións da Capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus con destino a aparcamento e outros usos comunitarios (PRI 22/2018).

Antecedentes.-

1.-Consta no expediente unha providencia da Alcaldía do 09 de outubro de 2018 no que insta a iniciar o expediente para a adquisición de terreos sitos nas inmediacións da capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus con destino a aparcamento e outros usos comunitarios (PRI. 22/2018), mediante o procedemento aberto simplificado.

Este contrato privado ten por obxecto a adquisición, a título oneroso, de terreos sitos nas inmediacións da capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus con destino a aparcamento e outros usos comunitarios, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Concelleira delegada de Contratación, Dna. Milagros Lantes Seara, o 12/11/2018.

2.- Consta no expediente un informe de valoración dos terreos obxecto deste contrato privado, emitido o 30/10/2018 pola enxeñeira agrónoma municipal, Dna. Mónica Andrade Tasende, no que estima un valor unitario 4,40 €/m².

No informe consta que, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carballo, os terreos obxecto de compravenda están clasificados como solo rústico de protección agropecuaria.

3.- O 12/11/2018 elaborouse o prego de cláusulas administrativas particulares (no sucesivo PCAP) correspondente.

4.- Consta no expediente o documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal o 13/11/2018, por importe de 45.399,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1510.-60000 “adquisición terreos”, operación RC núm. 220180014882.

5.- O Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral do Concello de Carballo, D. Carlos Collazo Martínez, emitiu un informe o 30/10/2018, en relación ó réxime fiscal da adquisición dalgunha das parcelas con referencias 15019A170002160000JO e 15019A170002170000JK sitas en Alborín.

Trátase dun contrato privado a tenor do artigo 4, 9.2 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP)

Á vista do anteriormente exposto, vista a proposta da Concelleira delegada de Planificación e Mobilidade Urbana, Contratación e Seguridade Cidadá de 14/11/2018, no expte. 2018/C006/000023 e en uso das atribucións que ten delegadas por Decreto 1938/2015 do 16/06/2015, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), ACORDA:

Primeiro.- Procedemento aberto simplificado.

Elixir como sistema de adxudicación o procedemento aberto simplificado, ao abeiro do establecido no art. 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e 159 da LCSP.

Segundo.- Obxecto da compravenda.

O obxecto deste contrato privado é a adquisición, a título oneroso, de terreos sitos nas inmediacións da capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus con destino a aparcamento e outros usos comunitarios, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Concelleira delegada de Contratación, Dna. Milagros Lantes Seara, o 12/11/2018.

Terreos a adquirir:

O terreo que se pretende adquirir, con destino a aparcamento e outros usos comunitarios, reunirá as seguintes características:

- Parcelas catastrais lindantes cos accesos á capela e cemiterio de San Xosé de Alborín, na parroquia de Rus deste término municipal (plano anexo I do PCAP).*
- A superficie mínima da parcela será de 5.000 m².*

Terceiro.- Pregos.

Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adxudicación deste contrato privado.

Cuarto.- Criterios de adxudicación.

A adxudicación recaerá no licitador que realice a proposición que o Concello de Carballo considere mais vantaxosa para os intereses municipais atendendo exclusivamente ao prezo.

Quinto. Prezo do inmovible/s a adquirir polo Concello.

O tipo máximo de licitación para a adquisición das parcelas é de 4,40 €/m², podendo ser obxecto de mellora á baixa.

Sexto.- Aprobación do gasto.

Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1510.-60000 "adquisición terreos" do orzamento da corporación para 2018.

Sétimo.- Anuncio de licitación.

Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado, concurso, para a adxudicación deste contrato privado de adquisición de terreos, ordenando a publicación no Perfil do Contratante (art. 63, 135 e 159 da LCSP), e a invitación, simultánea e por escrito ós titulares catastrais das parcelas que cumpran os requisitos referidos no expoñendo segundo, para que os licitadores interesados presenten, no prazo de 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante, as súas proposicións."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde